

LINGUA GALEGA

TEXTO

A denominación Día de Todos os Santos provén do cristianismo pero na cultura celta recibía o nome de *Samaín*. Con esta festividade celebrábase o comezo do inverno, principiaba a
 3 temporada “escura”, a do frío e sen **recolleitas**. Moitos dos ritos en Galicia destes días do ano
 acabaron por confundirse e atribuírselle a Halloween, unha celebración anglosaxoa que deriva do
 6 *Samaín* e que acabou por copar todo o protagonismo. “Hai ritos ligados a Halloween, pero son
 nosos dende hai centos de anos”, explica o antropólogo Rafael Quintía.

Durante o *Samaín* existía a crenza de que os defuntos visitaban as igrexas e as súas casas
 para comer cos seus familiares mentres abandonaban, por unhas horas, a **friaxe** dos cemiterios.
 9 Segundo moitos estudos, desta conmemoración pagá nacen todas as tradicións asociadas cos
 mortos. A palabra, que procede do gaélico *Samhain*, significa ‘fin do verán’, e dá a benvida ao mes
 de novembro. **Xurdiu** hai tres mil anos e foron os irlandeses os que exportaron a celebración a
 12 Estados Unidos (EUA) a finais do século XIX. Erroneamente, crese que o *Samaín* naceu do
 Halloween americano, pero foi ao revés.

Na actualidade en Galicia tampouco se celebra o *Samaín*, senón o Día de Todos os Santos.
 15 Ambas as conmemoracións son relixiosas. “A festa tradicional é a de Defuntos, que inclúe tamén
 os magostos e ritos de carácter funerario. Pero a palabra ‘defuntos’ parece que asusta porque
 vivimos de costas á morte”, sostén Quintía. Hai varias tradicións asociadas a estes días de finais de
 18 outubro e comezos de novembro, como por exemplo, acender unha fogueira para queimar **pólas**
 ou, a máis coñecida, facer caveiras con cabazas para espantar os malos espíritos.

GCiencia, 30/10/2023 (adaptación)

CUESTIÓNS

1. Elabore un resumo do texto e propoña un título (2 puntos).
2. Explique brevemente o significado das seguintes palabras, marcadas en negra no texto: *recolleitas*, *friaxe*, *xurdiu*, *pólas* (1 punto).
3. No texto aparecen as formas verbais *principiaba* (l. 2), *acabaron* (l. 4) e *inclúe* (l. 15) Conxúgueas no tempo en que están (pretérito imperfecto ou copretérito e pretérito). E, ademais, *atribuír* (l. 4) e *xurdiu* (l. 11) en presente de indicativo (2 puntos).
4. A seguir reproducense varias palabras derivadas e compostas, subliñadas no texto. Indique cales son as palabras primitivas de que proceden ou as que as compoñen: *provén*, *anglosaxoa*, *benvida*, *erroneamente* (1 punto).
5. Redacte un texto sobre a vixencia actual en Galicia do *Samaín*, Halloween ou Día dos Defuntos (4 puntos).